

Roig Rechou, Blanca-Ana, Soto López, Isabel e Marta Neira Rodríguez (coords.) (2014)  
*Inmigración/Emigración na Literatura Infantil e Xuvenil*  
Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 458 pp.  
(ISBN: 978-84-9914-723-9)

A Rede Temática de Investigación “As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIXMI) ofrece neste volume monográfico un panorama da Literatura Infantil e Xuvenil en contextos de inmigración e emigración que tiveron lugar ao longo do século XX nos campos da narrativa, a poesía, a literatura dramática, as traducións e a banda deseñada.

165

Un volume de referencia para investigadores, docentes e mediadores en xeral entre o libro e a lectura que permite coñecer múltiples perspectivas sobre as representacións literarias do fenómeno dos fluxos migratorios. Unhas achegas que veñen da man dos membros de LIXMI e outros investigadores colaboradores que, a través do corpus centrado nesta temática nas diferentes literaturas infantís e xuvenís analizadas, suscitan a reflexión dende un punto de vista sociolóxico, xa que acollen o reflexo das novas identidades que fan visíbeis a condición e as experiencias das persoas inmigrantes, ao tempo que inciden nunha visión da literatura como vehículo de comprensión cultural da sociedade multicultural na que vivimos e se lles ofrece aos máis novos a oportunidade de interactuar con maneiras diferentes de ver e de construír o mundo.

Esta entrega, que é a décima monografía desta Rede Temática, ábrese, despois dunha breve presentación das coordinadoras Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez, co estudo da investigadora Margarida Castellano Sanz, no que se repasan as diferentes perspectivas desde

as que foi abordada esta temática, incidindo fundamentalmente en conceptos como o de descolonización, globalización, multiculturalidade, exilio ou transnacionalismo, entre outros, e chama a atención sobre a necesidade de incluír as voces periféricas dos inmigrantes na corrente literaria canónica, apoiándose en estudos de relevantes figuras como Edward Said ou Homi Bhabha.

A seguir, recóllense as panorámicas do ámbito ibérico e do iberoamericano que abordan a temática migratoria e as súas representacións nos diferentes sistemas literarios infantís e xuvenís. No caso do sistema castelán, Nieves Martín Rogero sinala algunhas obras publicadas na década dos 80 e 90 que abordaron de modo temperán a temática e detense na produción que dende inicios do século XXI incidiu máis nun tipo de realismo crítico que tomou como elementos recorrentes a xenofobia, a inmigración ilegal, a explotación das persoas, etc., fomentando a busca de solucións e de respecto cara ao outro. No ámbito catalán, Margarida Castellano Sanz percorre a evolución do propio sistema literario para observar como esta temática se vai incorporando de vagariño ata se centrar en obras actuais de autoras como Laila Kharrouk ou Gemma Pasqual, entre outras. Do ámbito galego, Verónica Casais Vila, Mar Fernández Vázquez e Alba Rozas Arceo rastrexan a presenza dos procesos migratorios da literatura para os máis novos e resaltan a consideración da temática nun corpus reducido de obras, deténdose tanto nas que tratan a emigración, máis temperás, coma a inmigración, máis recentes. Do sistema literario infantil e xuvenil portugués ocúpase Ana Margarida Ramos, que presenta un panorama no que salienta figuras como o escritor António Mota que abordou de modo recorrente a emigración e as implicacións que tivo para o país luso, asociada á falta de expectativas da xuventude, fronte á pouca incidencia do regreso/chegada ao país. Do ámbito vasco, Mari José Olaziregi céntrase na diáspora vasca ao longo do século XX e refírese ao tratamento deste tema en obras clásicas e textos canónicos, nos que América aparece como o principal lugar de destino, ademais de incidir nas identidades híbridas de contornos multiculturais e multiligües.

Con características particulares, do ámbito iberoamericano recóllense as achegas de Alice Áurea Penteadó Martha e Vera Teixeira de Aguiar que se centran no sistema literario infantil e xuvenil brasileiro e na representación das culturas indíxenas e afroamericanas. Chaman a atención sobre a relevancia de creadores destas culturas e o seu papel na visibilización da historia dos seus pobos, contribuíndo á eliminación de estereotipos en obras de gran

calidade nas que temáticas como o autocoñecemento, a identidade e a ecoloxía van da man. Tamén Laura Guerrero Guadarrama e Carolina González Alvarado repasan a literatura infantil e xuvenil mexicana, na que observan que é a partir da década dos 80 do século XX cando comezan a publicarse obras bilingües que recrean mitos e lendas indíxenas coa finalidade de recuperar tradicións e a forma de vida da comunidade chicana.

Este rico mosaico de comentarios complementéntase aínda cunha escolma de sesenta e sete títulos da Literatura Infantil e Xuvenil de tódolos ámbitos, e mesmo algúns en lingua inglesa, que contribúen a achegar pautas de interpretación moi útiles para afondar na educación literaria dos máis novos a través dunha temática moi actual e de grande incidencia en todas as sociedades. Uns fenómenos (tanto o da inmigración, coma o da emigración) que é preciso aproximar aos máis novos para que comprendan a necesidade de coñecer e respectar o diferente, por iso a literatura debe tornarse nun instrumento e ferramenta de consulta e análise desta temática de gran calado histórico e social, que a través da ficcionalización vai axudar a mediadores e outros interesados na Literatura Infantil e Xuvenil no seu labor de ponte entre o libro e a súa lectura.

É de salientar nas propostas recollidas neste monográfico as análises pormenorizadas, nas que non se obvian contidos e estruturas narrativas, que non se deben deixar fóra de calquera obra, como é o caso dos seus paratextos, amais de ser unha obra entusiasta na que un é capaz de focalizar con rigor e de analizar a materia proposta. É de agradecer tamén dos traballos a profundidade de coñecemento de cada un dos sistema literarios analizados e a diversidade e complementariedade de criterios metodolóxicos empregados para os estudos, que fan da proposta un rico mosaico que con toda seguridade marcará un antes e un despois na investigación e estudo desta modalidade literaria máis aló das fronteiras periféricas, ao tempo que contribuirá a renovación de determinados criterios pedagóxicos que teñen estigmatizado esta literatura.

*Inmigración/Emigración na Literatura Infantil e Xuvenil* fai unha clara e decidida aposta pola educación literaria como base para a formación de novos lectores e enmárcase nesa ampla corrente de substitución das rutinas pedagóxicas e da superficialidade con que a miúdo se considera a literatura para os máis novos. Polo tanto, unha achega que aporta unha visión moi completa, amena e novidosa, amais de abrir futuras liñas investigadoras neste campo do

saber, o que a converte nunha obra de referencia que fará reler de forma diferente o fenómeno tanto da inmigración como da emigración na Literatura Infantil e Xuvenil, amais de converterse nun instrumento moi recomendable tanto para especialistas, coma para lectores interesados en distintos aspectos da didáctica da lingua e a literatura, así como nas formas ao seu alcance para adquirir ou ampliar tales coñecementos relacionados cos eidos de estudo da Literatura Infantil e Xuvenil.

*Juan José Varela Tembra*  
Universidade da Coruña